

FEIRACO LÁCTEOS BASES DA PROMOCIÓN

"Sorteo tote bag FEIRACO"

1. ORGANIZADOR E OBXECTO DA PROMOCIÓN

Feiraco Lácteos, SL, (en adiante Feiraco), domiciliada en Ames (A Coruña), en Ponte Maceira-Agrón s/n, e con número de identificación fiscal B-15996929, realizará unha promoción denominada "Sorteo tote bag FEIRACO" en adiante "a promoción", de ámbito da comunidade de Galicia na que se agasallará 5 tote bags FEIRACO. Nesta promoción premiarase a todos os usuarios que se fagan fans de Feiraco en Instagram e Facebook e deixen un comentario na publicación do sorteo mencionando a unha persoa.

2. ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL

O ámbito territorial da promoción comprende Galicia. Poderán participar na promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos, con residencia en Galicia, que cumpran os seguintes requisitos: facer constar de forma expresa a súa vontade de participar na devandita promoción con suxeición ás condicións que se indicarán seguidamente na epígrafe 6 "participación e mecánica da promoción".

3. DURACIÓN

O concurso desenvolverase do luns 27 de maio de 2024 ao luns 3 de xuño ás 13h, na páxina oficial de Feiraco en Instagram ([Instagram.com/feiracolacteos](https://www.instagram.com/feiracolacteos)) e Facebook (<https://www.facebook.com/Feiracolacteos/>). Por causa de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, Feiraco poderá decidir, en calquera momento, a interrupción e/ou finalización anticipada desta promoción, sen que os participantes poidan efectuar ningunha reclamación.

4. CARÁCTER GRATUÍTO DA PROMOCIÓN

A promoción é gratuíta e non implica en si mesma ningún pagamento adicional pola obtención dos premios. Os custos das chamadas, mensaxes telefónicas, correo electrónico, fax ou calquera outra comunicación que deban realizar as persoas participantes que se detallan no apartado de mecánica da promoción serán á súa conta.

5. PREMIO DA PROMOCIÓN

Na presente sortearáanse 5 tote bags FEIRACO. Os gañadores/as poderán renunciar ao premio obtido pero en ningún caso poderán canxealo por outros distintos nin polo seu valor en diñeiro. Asimesmo queda prohibida a comercialización e/ou venda do dereito a obtención do premio. A renuncia non dará ningún dereito de indemnización ou compensación.

6.- FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN:

Optarán ao premio da presente promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos, con residencia en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:



- 1.- Estar rexistrado na rede social Instagram e Facebook e seguir a conta de Feiraco (@feiracolacteos)
- 2.- Deixar un comentario na publicación do sorteo que se fará no perfil de Instagram e Facebook de Feiraco (@feiracolacteos) mencionando a unha contas máis.
- 3.- Subir un storie ao seu perfil de Instagram compartindo a publicación do sorteo e mencionando a @feiracolacteos nesta storie.

7.- ENTREGA DO PREMIO:

O luns 27 de maio comunicárase o resultado do sorteo entre todas as participacións válidas, que se realizará mediante a aplicación Easypromos ou similar, e que será inapelable. Unha vez concluído o sorteo, publicarase nas redes sociais de Feiraco un enlace que dirixe á aplicación do concurso co nome dos gañadores e dos 5 suplentes. Os gañador/as deberán aceptar o seu premio na aplicación de Easypromos ou contactando con Feiraco por mensaxe privada a través das redes sociais, indicando nome, apelidos, dirección de email e teléfono de contacto ata as 15:00 horas do luns 03 de xuño. Senón pasarase ao suplente que terá ata as 18h para reclamar. En ningún caso poderá substituírse o premio polo seu valor económico nin poderá cederse a outra persoa distinta do gañador. FEIRACO resérvase o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin os gañadores nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases.

8.- CONDICIÓN E RESERVAS:

A comunicación dos datos persoais de xeito privado a través do perfil de FACEBOOK ou INSTAGRAM de fans oficial de FEIRACO, é requisito obrigatorio para que os gañadores poidan recibir o premio obtido como participantes lexítimamente admitidos ao sorteo, así como a súa maioría de idade. De resultar agraciada algunha persoa que non cumpra estes requisitos a súa participación resultará automaticamente excluída e o premio outorgaráselle ao/á inmediato/a suplente. FEIRACO descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Este concurso organízase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todos os consumidores, premiando a fidelidade en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da Boa Fe. Por ese motivo, FEIRACO excluírá automática e inmediatamente del a calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conduta mendaz ou inadecuada, empregue medios fraudulentos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos, en caso de que as irregularidades, ou calquera outras, se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, FEIRACO resérvase o dereito de exercitar as accións legais pertinentes contra o seu autor ou responsable, entre outras, as tendentes á devolución dos premios. Os premios da promoción non se poderán substituír por outros a petición do gañador, nin poderán ser cambiados polo seu valor en metálico. FEIRACO resérvase, en calquera caso, o dereito a mudar os elementos da promoción por outros de igual ou superior valor cando concorra xusta causa, e ademais, tamén, resérvase o dereito a anular, suspender ou modificar a promoción por FEIRACO, se por causas técnicas ou de

calquera outra índole allea á vontade desta, esta non puidese cumprir co normal desenvolvemento da promoción, segundo o estipulado nas presentes bases. O non previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, rexerá a normativa legal disposta que sexa de aplicación, integrándose os baleiros ou dúbidas conforme á boa fe, usos comerciais e técnicos que resulten axeitados, e principios xerais do Dereito.

9.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS:

Os datos de carácter persoal que faciliten as persoas participantes neste concurso serán tratados dando estrito cumprimento ao establecido na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento dela así como co Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos. A persoa participante coñece e consente inequivocamente que os seus datos persoais sexan tratados por FEIRACO LÁCTEOS, con domicilio en Lugar de Arufe- Agrón s/n 15864 Ames (A Coruña), e con número de identificación fiscal B-15996929, quen os usará e tratará sen que xere ningún tipo de remuneración, conforme ao previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, coa finalidade de realizar cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso. Non obstante, este dereito poderá ser revogado no momento en que o participante estime oportuno. FEIRACO LÁCTEOS garante os seus dereitos de acceso, cancelación, oposición e rectificación, limitación do tratamento e portabilidade. Para exercer estes, o participante terá que dirixirse a Lugar de Arufe – Agrón s/n 15864 Ames (A Coruña), identificándose de forma fidedigna, para verificar a súa identidade e non poñer en risco a súa privacidade e confidencialidade; ou ben a comite.privacidad@clun.es. En calquera caso, o tratamento da información facilitada como participante restrínxese á finalidade de participar neste concurso suxeito as presentes bases. Os datos serán tratados durante a sustanciación do concurso e, unha vez finalizado este, serán gardados para a eventual tramitación de reclamacións ou queixas, relacionadas co desenvolvemento do mesmo, ou, en último termo, ata que o participante exerza o seu dereito de cancelación en consonancia coa facultación para acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios. Os datos no se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obriga legal. Vostede ten en todo caso dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto mantense inalterable o seu dereito de acceso, cancelación, rectificación ou oposición.

10.- ACEPTACIÓN E DEPÓSITO DAS BASES:

A remisión da solicitude de participación na promoción implica a aceptación da totalidade das presentes bases polos participantes. A manifestación en contrario polo participante implicará a exclusión de este da promoción e FEIRACO quedará liberada do cumprimento da obriga con dito participante.

11.- LITIXIOS:

A lexislación aplicable ás presentes bases é a española. Os participantes, con renuncia expresa de calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense



á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela. Aos efectos de calquera notificación ou requirimento que resulte necesario efectuar por calquera causa relacionada ou derivada do presente sorteo, entenderase designado como domicilio destes os que consten salientados na comunicación de participación na presente promoción.